Voceiro da Confederación Intersindical Galega-Admón. Pública de Vigo e Pontevedra

A Xanela

Sector da Administración Autonómica–Edificio administrativo da Xunta en Vigo e Pontevedra

Telf. 986 8 17597 - Fax: 986 817698 autonomicavigo@cigadmon.org autonomicapontevedra@cigadmon.org nº53 – Maio 2012

AUSTERIDADE: PARA OS DEMAIS

A Xunta perdoa 3 millóns de euros a un amigo e condena aos empregados públicos

Conta "El País" (16/04/2012), que o Consello da Xunta do pasado 24 de novembro acordou perdoar unha sanción de 3.055.841 € (508 millóns de pesetas) ao constructor Telmo Martín, ex-candidato ao concello de Pontevedra, ex-alcalde de Sanxenxo e deputado polo PP no Congreso. Daquela (novembro do 2011), a Xunta ocultou o acordo na referencia que fai pública tras cada Consello.

Tempo atrás existira unha proposta de sanción a Telmo pola vulneración da lei de costas, pero a demarcación de Pontevedra (dirixida por José Antonio Rueda Crespo, ex-senador do PP, ex-vicepresidente da Deputación de Pontevedra e pai do actual conselleiro de Presidencia), emitira informe "aclaratorio", e o conselleiro de Pesca, López Veiga, resolveu non sancionar.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditaminou entón que o conselleiro non era competente, razón pola que foi a Xunta a que tivo que validar o perdón (actualmente pendente de recurso novamente ante o TSXG). Por se fose pouco a Xunta tentou ocultar este embarullo; conseguírono durante varios meses.

Disque non hai cartos

Hai uns meses amputaron o Fondo de Acción Social, reduciron a xornada de traballo para persoal interino e temporal, eliminaron días de libre disposición, suprimiron artigos do convenio colectivo, decidiron non compensar por traballar un domingo..

Coa reforma laboral xa se produciron os primeiros EREs de extinción en varias administracións (concellos e deputacións).

Anunciaron recortes drásticos nos orzamentos do Estado, incremento dos pagos polas mediciñas, aumento do número de alumnos nas aulas ..

A primeiros de abril a Xunta eliminou 72 postos de traballo en centros de benestar. En pouco tempo algún deses centros terá xestión privada.

Durante a negociación do xa publicado concurso de traslados de persoal laboral dos grupos I a IV, a consellaría de traballo retirou 267 postos do concurso, xustificando a decisión na súa intención de amortizalos. E o que falta por vir.

Resposta digna

A reacción dos empregados públicos á Lei de Medidas no Emprego Público e á Reforma Laboral, foi todo un exercicio de dignidade. Desta volta ninguén poderá dicir que somos un colectivo acomodado, inmóbil. A resposta foi masiva, non fomos quen de dobregalos, pero os responsábeis políticos xa saben que estamos enfadados, que non vamos calar, que podemos pasarlles factura cando nos veñan pedir o voto.

U-la austeridade?

Están tan mal as cousas? Pode ser, pero hai exemplos que nos levan a pensar que nisto a verdade tamén é relativa:

- perdoan aos defraudadores (que non somos precisamente quen temos nómina),
- perdoan infraccións aos amigos (e por vergoña, tentan ocultalo),
- seguen a gastar millóns en licenzas de software propietario cando hai alternativas libres de calidade e que xerarían postos de traballo no País,
- seguen os gastos para a Cidade da Cultura (a última, a compra de 177 cadeiras para o edificio de Servizos Centrais do Gaias, cun importe de licitación de 333 € a unidade)
- concesión de servizos públicos a empresas privadas que, como todo o mundo sabe non buscan beneficio pois os servizos públicos dan perdas, non si? (DOG 22/03/2012, dous contratos para xestión privada de dous centros por 12 millóns de euros).

En sinal de colaboración, a CIG achegou ao conselleiro de cultura dous catálogos de cadeiras de oficinas para postos de dirección, e outro máis modesto, de cadeiras de oficinas para operativos. O conselleiro pode optar nunha ampla variedade de opcións moito máis económicas (dende 29 euros a unidade).

A CIG-Autonómica enviou unha carta ao Presidente da Xunta na que lle solicita explicacións desta dobre vara de medir, con perdón para amigos, e austeridade para os demais.



ASUNTOS TRATADOS COA EGAP

Persoal de escalas sanitarias (lei 17)

A CIG leva tempo reclamando unha solución que garanta o acceso á formación deste persoal funcionario que non é aceptado pola EGAP, e o FEGAS so parcialmente. A falta de entendemento entre as escolas deixaba no limbo a máis de 1.000 funcionarios e funcionarias da lei 17.

Comprometeuse a EGAP a asinar un convenio con FEGAS e ofrecerlles formación a partir de xuño comezando polos cursos de lingua galega (nos que se teñen producido a maioría dos problemas). Veremos como queda esto.

Cursos específicos das consellarías

Nas accións formativas que imparte a EGAP organizadas para unha consellaría concreta, os empregados/as interesados/as teñen problemas para participar. A EGAP responsabiliza ás consellarías, pois algunhas delas perfilan en exceso as accións formativas.

Denunciamos o exceso de endogamia e a EGAP propón solucionalo convocando formación cos seus propios criterios naquelas accións formativas con demanda. Quere que os sindicatos fagamos a solicitude, polo que necesitamos información do número de exclusións en cada curso.

Edicións de cursos on-line

Nos cursos en que hai varias edicións, a que se solicite é determinante na selección. Exposto o problema, a EGAP comprométese a que o número de edición deixe de influír na selección.

Formación de linguas

Transmitimos a petición de que se consideren as accións en linguas como un itinerario formativo, de xeito que na selección dun nivel superior se teña en conta ás persoas que no ano anterior fixeron o nivel inferior. A EGAP manifesta que o vai considerar.

Temarios e lingua

É inadmisible que a EGAP pague pola elaboración de temarios en castelán que posteriormente debe traducir a galego (ás veces de mala calidade). Se pagan por un manual, que llo entreguen directamente en galego.

Servizos periféricos

Queremos que en todas as accións formativas haxa posibilidades de examinarse en servizos periféricos, algo que xa se está a facer parcialmente.

Outras Novas

Oposicións e concursos:
- Concurso laborais grupo I-IV: publicado no DOG 4/5/2012. Presentación solicitude ate o 29 de maio.
- Concurso laborais grupo V: resolución no DOG do 18/05/2012; cese e toma de pose adiado para coincidir co destino da OPE 2005.
- Concurso especiais: Veterinarios resolto o 2 de maio. Consumo, estatística e gardacostas: "previsto" no segundo trimestre 2012; en gardacostas xa temos listado de prazas para revisar. Informática: no cuarto trimestre do ano. Demais: despois de maio (sen máis concreción) comezarían a negociar os demais.
- Concurso corpos xerais: será despois de que convoquen todos os demais concursos
- OEP 2012: vai saír unha OEP, pero será máis ben para clarificar o panorama do que está pendente do 2008, 2009 e 2011. Pode que engadan algo de administración especial e persoal laboral.
- Consolidación: disque en maio publicarán o decreto de consolidación de laborais.

Saúde laboral: publicado no DOG do 30/04/2012; un mes de prazo para inscrición. Para o persoal de centros de ensino, DOG do 11/05/2012; 20 días para inscrición.

Instrucións de permisos, vacacións e licenzas: actualmente en negociación. Destinado ao persoal funcionario e subsidiariamente ao persoal laboral. Telo no noso web.

Instrucións complemento invalidez temporal: (aplicación da Lei de Medidas). Xa pasaron o rodillo polas Mesas. Regulamenta temas como a hospitalización, intervencións cirúrxicas, prazos de entrega de xustificantes. Xa está no web de Función Pública.

IRPF 2011 e cota sindical: non esquezas que a cota sindical é un gasto deducíbel dos rendementos do traballo. Este dato non ven recollido no borrador, así que terás que modificalo. Mentres non cho pidan expresamente, non tes que presentar o xustificante. Se xa a presentaches, inda a podes modificar.

Control horario: despois do verán posíbelmente téñamos nova normativa. Podería ser horario mínimo de 9 a 14 horas e flexíbel de 7 a 9 e de 14 a 20 horas.

Teletraballo: En fase experimental durante tres meses con dous empregados da asesoría xurídica.

Axencia de Innovación: a CIG recorreu xudicialmente a creación da axencia que o propio Consello Consultivo considera contraria ao ordenamento xurídico. Como se non chegase con directivos paseando polos xulgados, despedimentos a varrer incluso de mulleres embarazadas, traslado de persoal por motivos políticos, etc..

Axencia Tributaria de Galiza: temos borrador de estatutos e decreto de creación (por canles extraoficiais). Enviado escrito pedindo información e lembrando obrigacións.

Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA): Solicitouse información pola súa posta en funcionamento. Aínda que non lles guste, teñen que chamarnos a falar e dar contas.

EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA

Climatización

No Edificio Administrativo de Pontevedra houbo meses nos que o persoal tivo que soportar temperaturas por riba dos 40 graos. O malestar é evidente: houbo unha chea de denuncias ante a inspección de traballo, a CIG convocou unha asembleia, e o tratamos na Xunta de Persoal. Disque as bombas estaban estragadas.

Na xuntanza que tivemos cos responsábeis do edificio o 7 de febreiro (houbo outras dúas previas), xustificáronse en que estaban a rematar o arranxo dos equipos de climatización e pedíronnos un prazo de 15 días para facer medicións.

Cada día que pasa achegámonos a épocas do ano de maior temperatura e, xa que logo, maior risco de repetir os 40 graos. A CIG agarda unha solución satisfactoria que evite unha nova fronte de guerra.

Aparcamento

Inaugurado polo bipartito, e por tanto moito máis novo co de Vigo, o edificio está dotado de dous amplos andares soterrados de aparcamento.

Até hai pouco os problemas por falta de espazo eran ocasionais, coincidindo con días de chuvia. Pero algún iluminado/a decidiu mudar a organización dos aparcamentos e comezaron os problemas: dos dous andares, os traballadores e traballadoras so poden dispor dun deles, quedando o primeiro reservado.

En xaneiro e febreiro tivemos varias xuntanzas coa Secretaria Territorial e o Xefe Territorial de Presidencia. O único que sacamos en limpo foi un compromiso de liberar 15 prazas no primeiro andar que poderán ser ocupadas por empregados/as.

Finalmente o 23 de abril comunicounos a Secretaria Territorial que liberaban 10 prazas de aparcamento no primeiro andar para ser utilizadas polo persoal do edificio. Estaremos atentos a ver se con isto é abondo.

Que tal un trancazo e que che desconten?

Imaxinas ao teu conselleiro/a traballar nun despacho a 40 graos de temperatura durante semanas? Imaxinas ese mesmo peixe soportando tal friaxe que necesite estar na oficina coa gabardina porque non lle chega co calor duns quecedores eléctricos que apañara? Rápidamente escoitariamos berros e un exército de frigorístas ou calefactores polos corredores.

Difícil pensar que un edificio moderno, intelixente, fixera soportar aos seus usuarios temperaturas insufribles durante meses. Hai quen xa di irónicamente que esto non é mais ca unha estratexia do goberno para desfacerse de nós agora que perdes diñeiro se te pos enfermo: non lle ven nada mal á facenda pública que collas un bo trancazo que te manteña postrado un par de semaniñas.

Nos edificios administrativos de Vigo e Pontevedra non andamos moi lonxe deste panorama.

CESE POR INCOMPETENCIA PARA MARICARMEN

As persoas que ocupan postos de responsabilidade non só teñen que demostrar condicións de mando, organización e optimización dos sempre escasos recursos, senón que tamén deben actuar con dignidade e respecto aos seus subordinados.

A xefa territorial de traballo e benestar ten que ser cesada por incompetente. As evidencias son abondas:

* Desmantelamento da residencia de tempo libre de Patos. Se ata o pasado ano traballaban unha media de 9-10 meses por tempada, este ano só van ter carga de traballo durante 4 meses (así os empregados/as poderán gozar do paro se teñen cotización abonda).

* Centro de formación de Coia: autorizou a esquirolaxe na folga xeral do 29M, algo prohibido por lei. Os docentes da Xunta foron á folga e os seus cursos foron asumidos pola fundación galega do metal (FORMEGA).

* Promove a incoación de expedientes disciplinares aos traballadores que teñen a ousadía de discutir decisións arbitrarias ou abusivas.

* Permite amortizacións de postos de traballo (CAPD de Chapela, residencia asistida de Maiores, centro de menores San Paio, residencia de tempo libre de Patos), e desmantelamento do servizo público de emprego coa desaparición dos orientadores, dos promotores de emprego e do persoal temporal.

* Cambios irregulares de postos de traballo (como cambios de destinos ou uso de secretario/a [que con dous non lle chega]).



LEI DE MEDIDAS NO EMPREGO PÚBLICO

A CIG, xunto con CCOO, UGT e CSIF, presentamos **conflito colectivo** perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza pola aplicación da lei de medidas no emprego público. A demanda que afecta directamente ao persoal laboral, poderá repercutir no conxunto das empregadas e empregados públicos.

O argumento da demanda é que entendemos que unha Lei Autonómica non ten capacidade para alterar un convenio colectivo, polo que solicitamos que sexa o Tribunal Superior quen suscite unha cuestión ao Tribunal Constitucional que declare a inconstitucionalidade e por tanto a suspensión da aplicación da Lei.

EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE VIGO

A CIG-Autonómica tivo en marzo unha xuntanza coa Delegada Territorial de Vigo, María José Bravo Bosch. Vai un resumo (por riba) do demandado e incumprido.

Libres designación

Non vai ser a CIG quen tome partido por unha ou outra persoa pois o cese vai co nomeamento. Pero do mesmo xeito que a Delegada é libre para tomar as súas decisións, a CIG é libre para criticalas. E así fixemos: manifestámoslle as nosas críticas cara a algunhas persoas nomeadas en libre designación e pedimos o seu cese, polas actitudes cara aos seus subordinados/as, pola súa indolencia ou pola súa ineptitude.

Convidamos á delegada territorial a que fale coa xente, a que se entere por outras fontes da conveniencia de manter nos seus cargos a xefes como: a actual xefa territorial de traballo; a xefa de servizo de relacións laborais; ou o ex-xefe de servizo de dependencia (agora no servizo de formación). Pasou o tempo, así que señora delegada, tócalle aturarnos.

Comisións de servizo e movementos "irregulares"

Expuxemos a nosa visión sobre as comisións de servizo: a CIG defende a súa utilización para cubrir postos de urxente necesidade, con criterios obxectivos. Rexeitamos a súa utilización para remunerar amigos ou mover xente como “alternativa” ao concurso de traslados. Rexeitamos o encadeamento de comisións, os/as eternos/as comisionistas, e a cobertura de postos de libre designación en comisión de servizo.

Explicamos á delegada que todas estas trapalladas producen malestar entre os seus subordinados, polo que lle pedimos que renuncie á súa capacidade discrecional, estableza criterios obxectivos, non acepte libres designación en comisións de servizo nin os encadenamentos, obtendo con esto un mellor clima entre o persoal. Falamos tamén de milagres: xente con destino que aparece noutro posto.

Recibimos boas palabras, mais sabemos dunha chea de postos (incluíndo o propio irmán da delegada que obtivo un negociado en Pontevedra) que foron cubertos co único criterio do dedo omnipotente. Así que sen marxe de manobra, so nos queda o escarnio. Infórmanos !!

Aparcamento

O edificio de Vigo construído nos tempos de Fraga en terreos da Autoridade Portuaria sobre un aparcamento de xestión privada. A CIG tivera varias xuntanzas con quen era Delegado Territorial de Presidencia naqueles tempos para procurar unha solución á falta de aparcamento, consistente en que 1) a Autoridade Portuaria nos permitise aparcar dentro das súas instalacións, 2) promover algún tipo de convenio co aparcamento privado actual, e 3) sondar as posibilidades de que a Admistración se fixese cargo do aparcamento. Tan so conseguimos reservar unhas prazas diante do edificio para persoas con mobilidade reducida.

Somos conscientes do insuficiente espazo de aparcamento, máis polas tardes e sábados non debería haber problema diante do edificio. Demandamos da Delegada que elimase os atrancos para que o persoal que traballa fora da xornada habitual poida aparcar nesas horas.

En todo caso non podemos aceptar privilexios: non fai moito criticábamos o uso do aparcamento polo persoal do gabinete da anterior Delegada; sabemos que agora seguen a utilizar o aparcamento xente "especial".

Señora delegada, tomou nota, mais as cousas seguen igual.

Servizos infradotados

A política do goberno non é precisamente a de incrementar cadros de persoal. Pero ás veces non ven mal compartir algunha reflexión sobre a dotación dos servizos. Hai centros, como a Residencia de Tempo Libre de Panxón que, paseniño, están a liquidalo. Cómpre unha clara actuación de dotación de contido.

En canto ao material de oficina tamén hai problemas de dotación. Algún compañeiro fala de agochar o material como nos tempos de “Carmen Collares” para evitar que se repita a requisación dun Fax e dunha impresora de presidencia e xustiza para acabar no pisito.

Climatización

Os problemas de climatización que ven arrastrando o edificio, ultimamente foron a mais. Din que os repostos son moi caros e teñen que vir de Alemaña. Nin o discutimos nin é a nosa responsabilidade. O que si exiximos é que non se repitan situacións tercermundistas que obriguen ao persoal a traballar con gabardina e radiador eléctrico.

Non podemos máis que recoñecer á Secretaria Territorial, quen conseguiu unha chea de radiadores. Pero so é un parche, non a solución.

Semos perigosos

A finais de febreiro pechámonos no edificio de Vigo pola Lei de medidas no emprego público, e a delegada territorial acusounos de empurrar aos traballadores de seguridade e de raiar os ascensores. Reflexionou e decidiu que debía protexerse das hordas comunistas, separatistas, masónicas e xudeo-anarquizantes. Así que pechou o quinto andar cunha porta electrónica de cristal, pechou portas de saída do edificio, mudou os protocolos de acceso dos cidadáns quen agora van poder sentirse mais gando.

Vivimos malos tempos, perda de dereitos, baixada de retribucións, despedimentos.. Disque non hai diñeiro, pero hai pasta para blindar e acomodar o “pisito” e facer cambios innecesarios. Toma decisións pola súa conta, pasando ate de informar ao Comité de Prevención.